



## Fichas divulgativas pagamentos directos

## FICHA 2h / DP

## Condições artificiais

### NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.
- **Real decreto 1076/2014** sobre **asignación de dereitos** de réxime de pagamento básico da política agrícola común (capítulo II).

### DEFINICIÓNS RELACIONADAS

**Agricultor:** toda persoa física ou xurídica cuxa explotación estea situada en España e que exerza unha actividade agraria.

**Explotación:** todas as unidades de produción utilizadas por un/unha agricultor/a e situadas no territorio de España.

**Actividade agraria:**

- A produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, da muxidura, da cría de animais e do mantemento de animais para efectos agrícolas.
- O mantemento dunha superficie agraria nun estado adecuado para pasto ou cultivo sen ningunha acción preparatoria que vaia máis alá dos métodos e da maquinaria agrícola habituais.

**Autoridade competente:** o órgano competente da comunidade autónoma a que debe dirixirse a solicitude única. Esa comunidade autónoma será aquela en que radique a explotación ou a maior parte da súa superficie agraria e, en caso de non dispor de superficie agraria, onde se encontre o maior número de animais.

**Venda:** a transmisión definitiva da propiedade da terra ou dos dereitos de pagamento básico. A definición non inclúe a venda de terras cando estas se cedan ás autoridades públicas ou para uso de interese público e cando a cesión se realice con fins non agrícolas.

**Arrendamento:** a transmisión temporal do aproveitamento de terras ou dereitos de pagamento básico.

**Cesión:** o arrendamento ou a venda ou sucesión *inter vivos* ou *mortis causa* de terras ou dereitos de pagamento básico ou calquera outra cesión definitiva deles; non inclúe a restitución de dereitos ao expirar un arrendamento.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos** (artigo 4)

**Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos** (artigo 3)

### NORMAS XERAIS

Non se asignarán dereitos de pagamento básico cando se demostre que un/unha beneficiario/a **creou artificialmente as condicións** para a asignación de dereitos de pagamento básico e, en caso de facerlle asignación, esta verase limitada.

A seguir detállanse as operacións consideradas de posible natureza especulativa que serán analizadas, caso por caso, e as limitacións que hai que aplicar en cada caso:



Operacións consideradas de posible natureza especulativa	Limitacións para aplicar
A adquisición ou o arrendamento de superficies admisibles realizadas despois do 18 de outubro de 2011, co único obxectivo de incrementar de forma artificial a superficie da explotación declarada na solicitude única de 2013. Considérase que se xeran condicións artificiais cando o incremento da superficie respecto ao 2011 supere o 25 % e sexa superior a 40 ha.	A superficie admisible para a asignación de dereitos limitarase á declarada no ano 2011.
A adquisición de dereitos de pagamento único sen terras na campaña de cesións 2014, co único obxectivo de incrementar o valor dos futuros dereitos de pagamento básico de maneira que o importe unitario dos dereitos de pagamento básico para asignar sexa superior a un valor inicial de 3.000 €/ha, creando ademais unha clara desproporción en comparación cos dereitos de pagamento único previos do adquirente e o valor unitario rexional da rexión a que pertencen os novos dereitos.	Limitarase o valor unitario dos dereitos de pagamento básico asignados a un máximo de 3.000 €.
A concentración de importes que resulten nun incremento desmesurado do valor unitario dos dereitos como consecuencia dunha diminución artificial das hectáreas declaradas en 2015, de xeito que o importe unitario dos dereitos de pagamento básico para asignar sexa superior a un valor inicial de 3.000 €/ha.	
A busca dunha converxencia artificial á alza mediante a venda de dereitos de pagamento único sen terras en 2014, que supoña que o valor unitario inicial dos dereitos de pagamento básico para asignar sexa inferior ao 60 % da media da súa rexión, de forma que, mediante o proceso de converxencia dos dereitos de pagamento básico, se incremente o beneficio obtido coa venda de dereitos.	Non se aplicará converxencia
A obtención do Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) en 2014 ou en 2015 ao non dispor del en 2013, sen xustificación de actividade gandeira e co único obxectivo de cumprir os requisitos sobre agricultor activo.	Non se asignarán dereitos sobre as superficies de pastos declaradas na solicitude única.
A creación de condicións artificiais para o cumprimento da normativa no que se refire aos requisitos derivados da definición de agricultor activo e actividade agraria.	Non se asignarán dereitos sobre as superficies que non resulten determinadas polo incumprimento deses requisitos.
A incorporación artificial de agricultores/as mozos/as como socios/as de empresas agrarias con personalidade xurídica, co único obxectivo de cualificalas para recibir, con carácter prioritario, dereitos da reserva nacional, así como para percibir o pagamento para agricultores mozos.	Non se asignarán dereitos.

Por outro lado, aplicarase a **cláusula de beneficio inesperado nos casos de cesións totais ou parciais da explotación** que tivesen lugar a partir do 16 de maio de 2014, ocasionando un aumento do valor dos dereitos de pagamento que se vaian asignar ao/á beneficiario/a, que non se produciría de non terse dado a redución da superficie admisible da explotación declarada en 2015 en relación coa declarada en 2014. Esta cláusula aplicarase se a redución de superficie admisible declarada en 2015 respecto de 2014 é superior ao 25 %. O aumento estimado do valor dos dereitos será ingresado na reserva nacional.

**Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos (arts. 21 e 23)**